



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA RELATIVA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE DA XUNTA DE GALICIA, O CONCELLO DE TORDOIA PARA A IMPLANTACIÓN DUN SERVIZO DE INTERESE MUNICIPAL NO DITO CONCELLO

1. Antecedentes

O Convenio entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello de Tordoia iníciase a proposta do dito concello coa finalidade de reforzar a oferta de servizos que xa presta o actual sistema de transporte público de viaxeiros por estrada de titularidade autonómica para satisfacer as necesidades da poboación do dito concello, así como para facilitar o acceso do da poboación a servizos públicos que se prestan no Concello de Ordes, tales como os de educación non obrigatoria (bacharelato).

2. Obxecto

Os convenios de colaboración teñen por obxecto establecer as bases da colaboración entre as tres partes para a implantación dun servizo de interese municipal (SIMU) coas características recollidas no anexo I do convenio e a súa integración no sistema de transporte público de Galicia.

3. Finalidade e xustificación

O convenio ten por obxecto atender con maior eficacia o tránsito de viaxeiros dentro do concello por transporte regular en autobús, así como facilitar unha mellor conexión entre estes núcleos do Concello de Tordoia e a localidade de Ordes, na que localiza a prestación de importantes servizos públicos, tales como a ensinanza de bacharelato.

O Concello de Tordoia, como xestor dos intereses xerais dos seus veciños e promotor de servizos públicos da máis variada índole, mantén interese en facilitar que a poboación residente no dito concello poida acceder a múltiples servizos aínda que se presten fóra do seu propio ámbito territorial, o que redunda en facilitar o asentamento da propia poboación no concello.





A Xunta de Galicia procederá á implantación dos novos servizos no ámbito dos contratos de concesión de servizos públicos regulares de viaxeiros de uso xeral de carácter interurbano dos que é titular, consonte cos principios de coordinación, colaboración e eficiencia que establece a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

Para tal fin, os proxectos de explotación polos que rexen os ditos contratos de concesión habilitan á Administración titular para establecer tanto modificacións nas condicións de explotación dos servizos, como para o incremento do seu volume por razóns de interese público que a propia Administración aprecie, entre outras, por das condicións de mobilidade ou accesibilidade funcional ou territorial do propio sistema de transporte. E, igualmente, prevese a posibilidade de incremento de servizos por iniciativa de terceiros, tales como, entre outros, concellos, tramitándoos como incrementos de servizo implantados a iniciativa da Administración se a Administración aprecia razóns de interese público nos incrementos de servizos propostos. No presente suposto, resulta evidente o interese público na mellora da mobilidade interior do propio Concello de Tordoia así como no feito de facilitar á súa poboación o acceso a servizos prestados no concello cabeceira do correspondente ámbito comarcal.

4. Aspectos económicos

A ampliación da prestación de servizos non suporá un incremento do custo que asume a Administración ao dispoñer o contrato de concesión dun volume de quilómetros dispoñibles, e non se prevendo un incremento directo dos medios necesarios para a súa prestación por mor do presente convenio e do servizo que nel se establece.

En canto á integración tarifaria, ao servizo resultaralle de aplicación o sistema de tarifas, bonos e bonificacións establecido para o correspondente contrato de concesión e, neste sentido, intégrase no sistema de bonificación que, en cada momento, teña activo a Xunta de Galicia.

O concello promotor comprométese a efectuar unha compensación económica a favor da Xunta de Galicia vinculada co custo que suporá o mantemento dos servizos, interiorizados no marco do correspondente contrato de concesión. O dito importe, así como o método utilizado para o





seu cálculo, figura detallado no convenio de colaboración, consonte co seguinte cadro:

Concepto	Importe
Compensacións por obrigacións de servizo público (COSP) XG-800	1.226.416,70 €/ano
Volume de servizos de referencia XG-800	885.733 km/ano
Volume de servizos nas liñas obxecto do Convenio	14.133 km/ano
COSP correspondente ao Convenio	19.569,04 €/ano
Coeficiente de desconto s/COSP ofertado polo adxudicatario	1,05%
Achega a realizar polo Concello de Tordoia	19.363,57 €/ano

O subdirector xeral de Ordenación do Transporte
Antón García Río

Conforme:

O director xeral de Mobilidade

Ignacio Maestro Saavedra (*documento asinado dixitalmente*)

